

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

8682 *Real decreto 704/2020, do 28 de xullo, polo que se establece o acceso ao título de médico/a especialista en Medicina Legal e Forense polo sistema de residencia.*

A Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, deu nova redacción ao artigo 475 desta última e estableceu, para o acceso ao corpo de médicos forenses, a exigencia de estar en posesión non só dos títulos oficiais de licenciatura ou grao en Medicina senón tamén do título de especialista en Medicina Forense. A este respecto, a disposición transitoria sétima da Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, establece que a citada especialidade non será requisito obrigatorio até que o determine o Ministerio de Xustiza, unha vez que conclúa a súa formación polo sistema de residencia, ao menos, a primeira promoción destes especialistas, e se desenvolvese a vía transitoria de acceso ao dito título.

De acordo co disposto no artigo 16 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, corresponde ao Goberno o establecemento dos títulos de especialistas en Ciencias da Saúde. Así mesmo, na súa disposición transitoria cuarta, e referíndose ás especialidades sanitarias cuxo sistema de formación non é o de residencia, engade que o Goberno modificará, suprimirá ou adaptará o seu sistema de formación ao sistema de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde previsto no artigo 20 da dita lei.

Até o momento, o sistema formativo da especialidade de Medicina Legal e Forense foi o réxime de alumnado, de acordo co previsto na disposición transitoria segunda do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.

Polos motivos expostos, mediante este real decreto regúlase a obtención do título de especialista en Medicina Legal e Forense a través do sistema de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, e realízanse, para isto, as adaptacións e modificacións normativas necesarias.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en consecuencia, é acorde cos principios de necesidade e eficacia, ao ser precisa a regulación do sistema de residencia para obter o título de especialista en Medicina Legal e Forense.

Esta regulación terá un reflexo directo no servizo público que se presta á cidadanía. Así mesmo, a adecuación dos coñecementos profesionais de quen exercerá a Medicina Legal e Forense aos avances e medios tecnolóxicos actuais incidirá nunha mellora da praxe pericial médica e, por tanto, dotará de maior rigor a Administración de xustiza que, nesta materia, precisa apoiarse en coñecementos especializados e baseados na evidencia científica.

De igual forma, é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, e axústase ao principio de seguridade xurídica, posto que resulta plenamente coherente co ordenamento xurídico nacional, en canto que dá cumprimento ás previsións da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, e se avén integramente á regulación vixente do sistema de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde e, así mesmo, persegue mellorar a protección dos dereitos a un proceso público con todas as garantías

e a utilizar os medios de proba pertinentes, así como o dereito á saúde, recoñecidos nos artigos 24.2 e 43.1 da Constitución española.

Con respecto ao principio de eficiencia, este real decreto contribúe á xestión racional dos recursos públicos existentes, en condicións de igualdade co resto de especialidades en Ciencias da Saúde. Finalmente, en cumprimento do principio de transparencia, favoreceuse a participación das entidades e persoas interesadas.

No procedemento de elaboración desta norma efectuáronse os trámites de consulta previa e de audiencia e información pública a que se refire o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, e a norma foi sometida ao Consello Médico Forense, á Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, ao Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde e ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais, así como do artigo 16 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, que atribúe ao Goberno o establecemento dos títulos de especialistas en Ciencias da Saúde, así como a súa supresión ou cambio de denominación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, do ministro de Xustiza e do ministro de Universidades, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xullo de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o acceso ao título de médico/a especialista en Medicina Legal e Forense polo sistema de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto é de aplicación aos títulos de especialista en Medicina Legal e Forense que sexan obtidos no ámbito nacional.

Artigo 3. *Sistema de formación.*

1. O sistema de residencia para o acceso ao título de médico/a especialista en Medicina Legal e Forense comprenderá unha formación tanto teórica como práctica, implicará unha participación persoal e progresiva do residente na actividade e nas responsabilidades propias da especialidade, e adaptarse aos criterios recollidos no artigo 20.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

2. Este sistema de residencia articularase de acordo co previsto no programa formativo elaborado para o efecto e comprenderá un período formativo de catro anos que serán cursados nas unidades docentes acreditadas dos institutos de medicina legal e ciencias forenses dependentes do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con competencias transferidas.

3. O programa formativo recollerá a obrigaición de que os residentes realicen períodos de rotación nos dispositivos docentes cos cales exista un acordo ou convenio previo do Sistema nacional de saúde, nas especialidades en Ciencias da Saúde que presenten un contido cuxo coñecemento resulte de utilidade para unha mellor e máis completa formación daqueles. Na súa totalidade, estes períodos de rotación desenvolveranse durante un período de dous anos dentro do período formativo de catro anos a que se refire o número anterior.

4. O programa formativo deste sistema de residencia será elaborado e actualizado pola Comisión Nacional da Especialidade de Medicina Legal e Forense, de conformidade co establecido nos artigos 21 e 28.8.a) da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

Artigo 4. *Unidades docentes.*

1. Corresponde á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade resolver as solicitudes de acreditación dos institutos de medicina legal e ciencias forenses como unidades docentes para impartir a formación especializada.

2. A dirección do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses que desexe acreditar a unidade docente, oída a Comisión de Formación e Investigación, solicitará os informes da Comisión de Docencia e da Dirección Xeral para o Servizo Público de Xustiza do Ministerio de Xustiza ou da correspondente autoridade autonómica con competencias en xustiza, segundo corresponda.

3. A dirección do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses remitirá a solicitude de acreditación á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade para a súa instrución. Esta solicitude deberá ir acompañada do correspondente convenio ou acordo adoptado ao respecto coas autoridades sanitarias competentes das comunidades autónomas, para a realización do período de rotación de dous anos a que se refire o artigo 3.3.

Artigo 5. *Convocatoria pública.*

1. O acceso ao sistema formativo de residencia para a obtención do título de especialista en Medicina Legal e Forense realizarase mediante a convocatoria pública anual de carácter nacional para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada prevista no artigo 22 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

2. O Ministerio de Xustiza e as autoridades autonómicas competentes en materia de xustiza proporán anualmente o número de prazas de formación especializada en Medicina Legal e Forense que, por ámbito territorial, se incluírán na convocatoria a que se refire o número anterior, en atención ás necesidades da Administración de xustiza e dos centros asistenciais do Sistema nacional de saúde. Esta proposta será tida en conta pola Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde para a fixación da relación de prazas da convocatoria anual, nos termos establecidos no artigo 22.5 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

3. O Ministerio de Xustiza ou as comunidades autónomas con competencias en xustiza asumirán, segundo corresponda, o financiamento das prazas ofertadas de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 6. *Relación laboral.*

Durante o período formativo de residencia para o acceso ao título de especialista en Medicina Legal e Forense, os residentes quedarán sometidos á relación laboral de carácter especial regulada no Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, sen prexuízo da normativa específica da Administración de xustiza que lles sexa de aplicación.

Esta relación laboral especial quedará establecida, durante todo o período formativo de residencia, entre o órgano titular da unidade docente onde se curse a formación e o residente.

Disposición adicional única. *Acceso extraordinario ao título de especialista en Medicina Legal e Forense.*

1. En cumprimento do establecido na disposición transitoria sétima da Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, posibilitase o acceso extraordinario ao título de especialista en Medicina Legal e Forense dos funcionarios de carreira e interinos que prestasen un período mínimo de servizos á Administración de xustiza como médicos forenses de cinco anos, e que accedesen a estes postos de traballo antes da entrada en vigor da exigencia da especialidade a que se refire a disposición transitoria única.

2. A acreditación destes requisitos realizarase mediante un certificado da Dirección Xeral para o Servizo Público de Xustiza do Ministerio de Xustiza ou da consellería con competencias en xustiza.

3. As solicitudes poderanse presentar a partir da finalización do período formativo de catro anos da primeira promoción de especialistas en Medicina Legal e Forense polo sistema de residencia. O Ministerio de Xustiza, mediante resolución da Dirección Xeral para o Servizo Público de Xustiza, fará públicos o prazo, o procedemento e o modelo de solicitude.

4. O título de especialista en Medicina Legal e Forense adquirido antes da entrada en vigor do presente real decreto terá a mesma validez que o adquirido polo sistema de residencia.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio para o acceso ao corpo nacional de médicos forenses e para o nomeamento de médicos forenses interinos.*

1. De conformidade co establecido na disposición transitoria sétima da Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, o título de especialista para o acceso ao corpo nacional de médicos forenses será exigible desde o momento en que así se determine por orde da persoa titular do Ministerio de Xustiza, unha vez que conclúa a súa formación polo sistema de residencia, ao menos, a primeira promoción destes especialistas.

2. Até o momento da entrada en vigor da exigencia de estar en posesión do título de especialista que se determine pola orde da persoa titular do Ministerio de Xustiza a que se refire o número anterior, poderán seguir prestando servizos, sen necesidade de ter o dito título de especialista, os que accedesen por oposición ao corpo nacional de médicos forenses nunha data anterior.

Unha vez que entre en vigor a exigencia de estar en posesión do título de especialista, os funcionarios de carreira a que se refire o parágrafo anterior poderán seguir prestando os seus servizos no corpo nacional de médicos forenses até que obteñan de forma extraordinaria o referido título de especialista, de acordo co procedemento establecido na disposición adicional única.

Así mesmo, poderán seguir prestando os seus servizos como médicos forenses interinos, sen estaren en posesión do título de especialista, os que fosen nomeados antes da exigencia deste e mentres dure o seu nomeamento.

3. Mentres non entre en vigor a exigencia de estar en posesión do título de especialista, manterase o sistema anterior de acceso ao corpo nacional de médicos forenses. Unha vez entrase en vigor, o Ministerio de Xustiza incorporará nas convocatorias esta exigencia e adaptará as probas e o seu contido.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 386/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos institutos de Medicina Legal.*

O Real decreto 386/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos institutos de Medicina Legal, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a letra n) do número 2 do artigo 5 nos seguintes termos:

«n) Propor os proxectos de investigación e actividades docentes do Instituto de Medicina Legal, oída a Comisión de Formación e Investigación.»

Dous. Modifícase a letra i) do número 2 do artigo 7, que queda redactada como segue:

«i) Propor ao director a creación das comisións de formación e investigación.»

Tres. O artigo 12 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 12. *A Comisión de Formación e Investigación.*

1. Nos institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses poderá existir unha Comisión de Formación e Investigación.

2. Esta comisión estará presidida pola persoa que exerza a dirección do instituto ou pola persoa en quen aquela delegue esta función. Na súa composición haberá unha representación das diferentes categorías profesionais do instituto, así como dos profesionais do ámbito sanitario ou universitario que se consideren oportunos, de acordo coas directrices efectuadas polo Consello de Dirección. Así mesmo, por proposta da Comisión, poderán participar outros expertos cando a especificidade da materia así o aconselle.

3. A Comisión de Formación e Investigación terá como funcións as de impulsar as tarefas docentes e emitir informe sobre os proxectos de investigación do instituto, así como colaborar nas actividades de formación cos órganos competentes na materia do Ministerio de Xustiza e, se for o caso, das comunidades autónomas con competencias transferidas en materia de xustiza.»

Catro. Engádesse un artigo 12 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 12 bis. *A Comisión de Docencia.*

1. Naqueles institutos que se acrediten como unidades docentes para a formación sanitaria especializada en Ciencias da Saúde constituirase unha Comisión de Docencia como órgano colexiado ao cal lle corresponde organizar a formación, supervisar a súa aplicación práctica e controlar o cumprimento dos obxectivos previstos no programa formativo da especialidade de Medicina Legal e Forense.

Así mesmo, corresponde á Comisión de Docencia facilitar a integración das actividades formativas dos residentes coa actividade asistencial e ordinaria do instituto, planificando a súa actividade profesional nel conxuntamente cos órganos de dirección deste.

Os órganos de dirección dos distintos institutos, os responsables dos dispositivos docentes en que se imparta a formación e as comisións de docencia de ambos estarán obrigados a informarse mutuamente sobre as actividades laborais e formativas dos residentes, co fin de decidir conxuntamente sobre a súa adecuada integración coa actividade asistencial do instituto ou dispositivo docente de que se trate.

2. A Comisión de Docencia estará presidida pola persoa que exerza as funcións da xefatura de estudos de formación especializada, á cal corresponderá a dirección das actividades de planificación, organización, xestión e supervisión da docencia especializada. Na súa composición existirá, en todo caso, representación dos titores da formación e dos residentes.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.*

O Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, queda redactado como segue:

Un. Na columna de oferta asistencial do cadro de clasificación de centros, servizos e establecementos sanitarios do anexo I engádesse:

«U.102 Medicina Legal e Forense.»

Dous. O número da oferta asistencial do anexo II modifícase para engadir o contido do servizo ou unidade asistencial U.102, que queda redactado como segue:

«U.102 Medicina Legal e Forense: unidade asistencial en que un médico/a especialista en Medicina Legal e Forense é responsable de poder realizar a asistencia técnica aos órganos de xestión e dirección dun centro sanitario, en todo o relacionado con aspectos médico-legais, deontolóxicos e éticos do propio centro e do resto de administracións sanitarias.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 182/2004, do 30 de xaneiro, polo que se determina a composición da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.*

Engádese un último parágrafo ao número 1 do artigo 2 do Real decreto 182/2004, do 30 de xaneiro, polo que se determina a composición da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, que queda redactado do seguinte modo:

«Tamén formará parte desta Comisión quen exerza a titularidade da Dirección Xeral para o Servizo Público de Xustiza do Ministerio de Xustiza.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.*

Engádese un novo número 5 ao artigo 7 do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. Os residentes contratados polo Ministerio de Xustiza ou polas consellerías das comunidades autónomas con competencias en xustiza percibirán a súa retribución conforme o establecido na lexislación que resulte aplicable, incluída a retribución polas gardas que realicen. En ningún caso a remuneración correspondente á xornada ordinaria poderá ser inferior á establecida nos números 1.a) e b) e 2.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e se clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.*

O Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e se clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o parágrafo primeiro da disposición transitoria segunda, que queda redactado do seguinte modo:

«Ata que o Goberno adopte a decisión que corresponda no prazo previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 44/2003, do 21 de novembro, o réxime de alumnado seguirá sendo o sistema formativo das especialidades médicas de Hidroloxía Médica e Medicina da Educación Física e do Deporte, incluídas no número terceiro do anexo do Real decreto 127/1984, e da especialidade farmacéutica de Farmacia Industrial e Galénica, incluída no grupo 2.º do artigo terceiro do Real decreto 2708/1982, do 15 de outubro.»

Dous. O número 1 do anexo I queda modificado como segue:

«1. Especialidades médicas para cuxo acceso se exige estar en posesión dun título universitario oficial que habilite para o exercicio en España da profesión de médico:

Alergoloxía.
Anatomía Patolóxica.
Anestesioloxía e Reanimación.
Anxioloxía e Cirurxía Vascular.
Aparello Dixestivo.
Cardioloxía.
Cirurxía Cardiovascular.
Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo.
Cirurxía Oral e Maxilofacial.
Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.
Cirurxía Pediátrica.
Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora.
Cirurxía Torácica.
Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía.
Endocrinoloxía e Nutrición.
Farmacoloxía Clínica.
Xeriatría.
Hematoloxía e Hemoterapia.
Medicina do Traballo.
Medicina Familiar e Comunitaria.
Medicina Física e Rehabilitación.
Medicina Intensiva.
Medicina Interna.
Medicina Legal e Forense.
Medicina Nuclear.
Medicina Preventiva e Saúde Pública.
Nefroloxía.
Pneumoloxía.
Neurocirurxía.
Neurofisioloxía Clínica.
Neuroloxía.
Obstetricia e Xinecoloxía.
Oftalmoloxía.
Oncoloxía Médica.
Oncoloxía Radioterápica.
Otorrinolaringoloxía.
Pediatría e as súas áreas específicas.
Psiquiatría.
Radiodiagnóstico.
Reumatoloxía.
Uroloxía.»

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.

Disposición derradeira sétima. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Habilítanse as persoas titulares dos ministerios de Sanidade, Xustiza e Universidades, en función das súas competencias, para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xullo de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO